XUNTA DE GALICIA

# CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL

DOCUMENTO

FICHAS

72 MARÍN

CÓDIGO CONCELLO




Escala: 1:52.000



# 72 MARÍN

CÓDIGO CONCELLO

| Código | NOME |
|---|---|
| 72_001 | CERRAMENTO E ENREIXADO DA ESCOLA NAVAL MILITAR |
| 72_002 | EDIFICIO DE AULAS E HABILITACIÓN DA ESCOLA NAVAL |
| 72_003 | CAPELA DA ESCOLA NAVAL |
| 72_004 | ESCALINATA DE ACCESO Á CAPELA DA ESCOLA NAVAL |
| 72_005 | XIMNASIO DA ESCOLA NAVAL |
| 72_006 | EDIFICIO DE DIRECC |
| 72_007 | ESTACIÓN DE RADIO DA ESCOLA NAVAL |
| 72_008 | ESCOLA NAVAL DE MARÍN |
| 72_009 | CRUCEIRO 1 DA ESCOLA NAVAL |
| 72_010 | ANTIGO CUARTEL DE ALUMNOS DA ESCOLA NAVAL |
| 72_011 | CUARTEL DE MARIÑEIRÍA DA ESCOLA NAVAL |
| 72_012 | HOSPITAL MILITAR DA ESCOLA NAVAL |
| 72_013 | FONTE DA PRAIA DE PORTOCELO |
| 72_014 | PRAIA DE PORTOCELO |
| 72_015 | PETRÓGLIFO PEDRA DOS MOUROS / LAXE DA EIRA DOS MOUROS |
| 72_016 | FONTE DA PRAIA DE MOGOR |
| 72_017 | PETRÓGLIFO FINCA DE CAZOLAS |
| 72_018 | PETROGLIFO DE MOGOR 2 |
| 72_019 | PETRÓGLIFO OS CAMPIÑOS |
| 72_020 | PRAIA DE AGUETE |
| 72_021 | ESCUDO DO PAZO DE AGUETE |
| 72_022 | CLUB NAÚTICO DE AGUETE |
| 72_023 | MUÍÑO DA PRAIA DE LOIRA |
| 72_024 | LAVADOIRO DO LOIRA |
| 72_025 | SALGADURA NA PUNTA DE LOIRA |
| 72_026 | CAPELA DE SAN CLEMENTE |
| 72_027 | XACEMENTO MEDIEVAL DA ILLA DE SANTO DO MAR |
| 72_028 | ASENTAMENTO DE ILLA DE SANTO DO MAR |
| 72_029 | MUÍÑO DE CASÁS |
| 72_030 | PEIRAO DE AGUETE |
| 72_032 | PAZO DE AGUETE |

# XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_EL_S2
FICHA

ARQUITECTÓNICO — ELEMENTO SINGULAR
TIPO — SUBTIPO

MURO
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

DOTACIONAL MÚLTIPLE
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a súa función representativa, o seu papel na fronte urbana marítima e a súa capacidade de articular espacial e simbolicamente o límite institucional do recinto naval.

POSTA EN VALOR

# 72_001
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

ESCOLA NAVAL MILITAR DE MARÍN / MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239063NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524445,00 — Y: 4693532,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Trátase do peche perimetral da Escola Naval Militar de Marín. Estruturase mediante unha combinación de pilastras de cantaría de granito e treitos de enreixado de forxa. As pilastras, de sección cuadrangular e rematadas por bólas pétreas ornamentais, confiren ritmo e monumentalidade á fachada urbana. O enreixado, de barras verticais con remate en puntas lanceoladas e zócolo inferior de fundición, destaca polo seu elaborado deseño e pola calidade da súa execución. Inclúe tamén un acceso principal constituído por un arco de pedra de medio punto que enmarca a porta metálica de dobre folla. O conxunto delimita fisicamente o recinto institucional e reforza a súa imaxe representativa fronte ao paseo marítimo e a estrada principal.

DESCRIPCIÓN

Cerramento perimetral pétreo-metálico que define claramente o límite institucional da Escola Naval Militar, destacando pola súa composición rítmica e valor ambiental na fronte urbana.

EDIFICACIÓN

Recinto da Escola Naval Militar, situada nunha zona urbana consolidada fronte ao porto e paseo marítimo, cunha superficie ampla e delimitación clara mediante este ceramento.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

Destaca polo valor ambiental e simbólico e pola súa función como límite institucional representativo, contribuíndo decisivamente á configuración da imaxe urbana marítima.

VALORES

# CERRAMENTO E ENREIXADO DA ESCOLA NAVAL MILITAR
DENOMINACIÓN



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





# XUNTA DE GALICIA

72_002
CÓDIGO INVENTARIO

# EDIFICIO DE AULAS E HABILITACIÓN DA ESCOLA NAVAL
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMIENTO

EN_1
FICHA

ARQUITECTÓNICO — MILITAR
TIPO — SUBTIPO

INSTITUTO
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ EDUCATIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a unidade compositiva e a súa integración paisaxística.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239012NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524267,00 — Y: 4693647,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

É un dos edificios da Escola Naval Militar, proxectada polo arquitecto Antonio Cominges Tapias en 1943. A edificación presenta unha composición clasicista influenciada pola arquitectura tradicional galega e pola linguaxe monumental propia da arquitectura oficial do primeiro franquismo. Volumetría compacta, con desenvolvemento lonxitudinal, articulada por frontóns, escalinatas e corpos sobresaíntes que enfatizan accesos e zonas representativas. O tratamento pétreo das fachadas, con cantaría granítica regular e elementos decorativos de inspiración neobarroca, confire un carácter institucional. A disposición do edificio no recinto garante unha clara xerarquía espacial, integrándose no conxunto mediante solucións compositivas coherentes e unha relación directa co patio de aulas adxacente.

DESCRIPCIÓN

Edificación de linguaxe clasicista e influencia tradicional, con estrutura pétrea e cuberta a dúas augas. Destaca a súa composición simétrica e a integración no conxunto arquitectónico naval.

EDIFICACIÓN

A parcela forma parte do recinto da Escola Naval Militar, con acceso controlado e delimitación mediante cerramento perimetral (72_001), situada nunha área urbana costeira próxima ao porto e ao eixo viario principal.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

O edificio destaca pola súa coherencia estilística, o valor ambiental e compositivo no conxunto naval e a súa significación histórica como parte do complexo militar.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_2
FICHA

ARQUITECTÓNICO — MILITAR
TIPO — SUBTIPO

CAPELA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ SOCIAL-CULTURAL
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a unidade compositiva e a súa integración paisaxística.

POSTA EN VALOR

# 72_003
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239041NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524223,00 — Y: 4693659,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Forma parte do conxunto de edificios da Escola Naval Militar, proxectado polo arquitecto Antonio Cominges Tapias en 1943. A edificación presenta unha composición clasicista influenciada pola arquitectura tradicional galega e pola linguaxe monumental propia da arquitectura oficial do primeiro franquismo. A edificación presenta planta poligonal, volumes proporcionados e cuberta a dúas augas, destacando a súa fachada principal de cantaría granítica con frontón triangular e acceso enmarcado por pilastras. A capela constitúe o espazo de culto relixioso do recinto militar, vinculado á tradición mariñeira e á devoción á Virxe do Carme, patrona da Armada, mantendo un destacado valor simbólico.

DESCRIPCIÓN

De planta poligonal, volumes proporcionados e cuberta a dúas augas de techa cerámica. Fachadas revocadas e pintadas de branco.

EDIFICACIÓN

A parcela forma parte do recinto da Escola Naval Militar, con acceso controlado e delimitación mediante cerramento perimetral (72_001), situada nunha área urbana costeira próxima ao porto e ao eixo viario principal.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

A capela distínguese pola súa coherencia estilística, o valor ambiental e compositivo no conxunto naval e a súa significación histórica como parte do complexo militar.

VALORES

# CAPELA DA ESCOLA NAVAL
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



72_004
CÓDIGO INVENTARIO

# ESCALINATA DE ACCESO Á CAPELA DA ESCOLA NAVAL
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_EL_S1
FICHA

ARQUITECTÓNICO — ELEMENTO SINGULAR
TIPO — SUBTIPO

ESCALINATA
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

DOTACIONAL MÚLTIPLE
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a traza cerimonial, a calidade construtiva en pedra, os valores formais e simbólicos, a súa integración coa arquitectura institucional e o seu rol como elemento escenográfico e de acceso representativo principal.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

ESCOLA NAVAL MILITAR DE MARÍN / MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239012NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524220,00 — Y: 4693682,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Localízase no complexo da Escola Naval Militar, proxectado polo arquitecto Antonio Cominges Tapias en 1943. Trátase dunha gran escalinata de traza simétrica e base semicircular, articulada en dous itinerarios converxentes de dous tramos cada un, con varandas formadas por piares de pedra granítica labrada. A súa configuración formal crea un percorrido cerimonial ascendente que enfatiza a importancia representativa da capela e do edificio principal. Na parte superior dispón dunha ampla praza-miradoiro que actúa como antesala espacial dos volumes edificados. Na fronte da escalinata intégrase unha fonte ornamental, completando unha composición de clara inspiración clasicista e monumental, coherente coa linguaxe arquitectónica do conxunto naval.

DESCRIPCIÓN

Elemento arquitectónico exterior de carácter monumental, configurado como escalinata cerimonial en pedra granítica, cun trazado simétrico, praza-miradoiro superior e fonte ornamental frontal.

EDIFICACIÓN

Sitúase dentro do recinto da Escola Naval Militar, situada nunha zona urbana consolidada fronte ao porto e paseo marítimo, cunha superficie ampla e delimitación clara mediante este ceramento.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

Destaca pola monumentalidade compositiva, o uso da cantaría granítica tradicional, o deseño simétrico clasicista, a integración paisaxística e o seu papel como elemento de articulación espacial e escenográfica do conxunto naval.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



72_005
CÓDIGO INVENTARIO

# XIMNASIO DA ESCOLA NAVAL
DENOMINACIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239010NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524196,00 Y: 4693510,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89




Escala: 1:5.000

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_7
FICHA

ARQUITECTÓNICO
TIPO

MILITAR
SUBTIPO

INSTALACIÓN DEPORTIVA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ DEPORTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Cómpre salientar o valor patrimonial, o valor arquitectónico e a integración paisaxística.

POSTA EN VALOR

## INVENTARIO

O ximnasio “Guardiamarina Barrutia”, forma parte do conxunto de edificios da Escola Naval Militar, e constitúe un singular exemplo de arquitectura de mediados do século XX. A súa execución iniciose en 1944, baixo a dirección do enxeñeiro Rodolfo Lama Prada, segue modelos europeos contemporáneos, inspirados na obra de Peter Behrens para AEG en Berlín. Estes combinaban, muros de ladrillo visto con amplas superficies acristaladas. O edificio destaca polo seu gran volume prismático e cuberta a dúas augas, resolución estrutural racionalista e integración paisaxística na parte superior do recinto. Foi considerado un dos mellores ximnasios cubertos de Europa, acollendo en 1959 o primeiro campionato de España en pista cuberta.

DESCRIPCIÓN

Edificio deportivo de grandes dimensións, volume prismático e cuberta a dúas augas. Presenta muros de ladrillo visto combinados con amplos panos acristalados, estrutura racionalista e distribución funcional .

EDIFICACIÓN

Situada na parte alta do recinto da Escola Naval, sobre terreo gañado ao mar mediante recheos, delimitada e integrada visualmente co complexo militar e coa paisaxe marítima da ría.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

Destaca pola súa concepción arquitectónica moderna, integración no conxunto da Escola Militar e relación directa coa paisaxe marítima de Marín.

VALORES

## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



# 72_006
CÓDIGO INVENTARIO

# EDIFICIO DE DIRECC
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_8
FICHA

ARQUITECTÓNICO — MILITAR
TIPO — SUBTIPO

EDIFICIO ADMINISTRATIVO
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ ADMINISTRATIVO-INSTITUC
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a unidade compositiva e a súa integración paisaxística.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239025NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524185,00 — Y: 4693641,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Forma parte do conxunto de edificios da Escola Naval Militar, proxectado polo arquitecto Antonio Comínges Tapias en 1943. Situado na parte alta da escalinata monumental, alberga os despachos de dirección e dependencias administrativas principais. A súa arquitectura responde ao clasicismo institucional de posguerra, cunha composición simétrica e volumes rotundos, integrando elementos neobarrocos galegos, (frontóns, escalinatas e molduras), con detalles mariñeiros. A edificación articúlase en varios corpos xerarquizados que enfatizan o carácter representativo. A súa implantación domina a praza central, reforzando a axialidade compositiva do recinto.

DESCRIPCIÓN

Edificio composto por volumes simétricos. As fachadas presenta partes en cantaría de granito e outras revocadas e pintadas de branco. Cubertas de tella cerámica.

EDIFICACIÓN

Parcela integrada no recinto da Escola Naval, en posición elevada e axial respecto á praza central.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

O edificio sintetiza a imaxe representativa da Armada, articulando o eixo compositivo da Escola Naval e constituíndo un referente patrimonial en Marín e nas Rías Baixas.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN
Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



72_007
CÓDIGO INVENTARIO

# ESTACIÓN DE RADIO DA ESCOLA NAVAL
DENOMINACIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239032NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524121,00 Y: 4693633,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_9
FICHA

ARQUITECTÓNICO MILITAR
TIPO SUBTIPO

EDIFICIO ADMINISTRATIVO
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ ADMINISTRATIVO-INSTITUC
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a unidade compositiva e a súa integración paisaxística.

POSTA EN VALOR

## INVENTARIO

Forma parte do conxunto de edificios da Escola Naval Militar, proxectado polo arquitecto Antonio Cominges Tapias en 1943. O edificio presenta volumes compactos, cubertas de tella cerámica e composición simétrica, con presenza de elementos ornamentais neobarrocos e detalles pintoresquistas coherentes coa estética institucional do complexo. Sitúase nunha área lindeira ao porto, participando da estrutura urbanística xerárquica e axardinizada da Escola Naval.

DESCRIPCIÓN

Presenta planta regular compacta e simetría compositiva. Cuberta tradicionais de tella cerámica e estética clasicista con referencias neobarrocas e mariñeiras.

EDIFICACIÓN

Parcela situada na marxe leste do recinto da Escola Naval, próxima ao porto.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

A edificación destaca pola súa coherencia estilística, o valor ambiental e compositivo no conxunto naval e a súa significación histórica como parte do complexo militar.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



IMAXES



XUNTA DE GALICIA

72_008
CÓDIGO INVENTARIO

# ESCOLA NAVAL DE MARÍN
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_3
FICHA

ARQUITECTÓNICO — TIPO
MILITAR — SUBTIPO

INSTITUTO
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ EDUCATIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Cómpre preservar a unidade compositiva do conxunto, a integración coa ría e os elementos arquitectónicos.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239026NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524161,00 — Y: 4693689,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Conxunto de edificios da Escola Naval Militar, para formación de Oficiales da Armada, proxectado polo arquitecto Antonio Cominges Tapias en 1943. As edificacións presentan unha composición clasicista influenciada pola arquitectura tradicional galega e pola linguaxe monumental propia da arquitectura oficial do primeiro franquismo. O conxunto presenta unha forte unidade, sobre a base dunha perfecta mestura entre partes ben xerarquizadas.

DESCRIPCIÓN

Conxunto académico-militar de inspiración clasicista. Composto por máis de corenta edificios xerarquizados, con volumetrías equilibradas, referencias neobarrocas e mariñeiras.

EDIFICACIÓN

Parcela litoral de gran extensión situada ao nordeste do núcleo urbano, sobre plataforma artificial gañada ao mar mediante recheos, cunha planificación integral que combina edificacións e espazos axardinados.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

Destaca pola súa relevancia histórica como centro formativo naval. Pola concepción arquitectónica unitaria e a integración paisaxística litoral.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN
Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA
DE GALICIA

# 72_009
CÓDIGO INVENTARIO

# CRUCEIRO 1 DA ESCOLA NAVAL
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMIENTO

EN_C1
FICHA

ETNOLÓXICO
TIPO

CRUCEIRO
SUBTIPO

CRUCEIRO
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ SOCIAL-CULTURAL
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Conservar tipoloxía íntegra e implantación fronte á capela.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

ESCOLA NAVAL MILITAR DE MARÍN / MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239026NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524194,00 Y: 4693677,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Cruceiro sobre pedestal de base rectangular, con inscrición frontal. Aséntase sobre plataforma de pedra de varios niveis. Varal de sección cadrada. Capitel de base cadrada con motivo de cuncha. A cruz presenta, no anveso, a imaxe de Cristo crucificado, e no reverso, a Virxe. Foi erixido en memoria dos falecidos da Armada. O cruceiro atópase fronte á capela, en zona axardinada.

DESCRIPCIÓN

Cruceiro granítico composto por plataforma escalonada, pedestal rectangular con inscrición, varal de sección cadrada, capitel con motivo de cuncha e cruz coa imaxe de Cristo no anverso e da Virxe no reverso.

EDIFICACIÓN

Situado no interior da Escola Naval, fronte á capela e nunha zona axardinada próxima ao bordo marítimo.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

Singular pola localización fronte á capela e pola función memorial.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



IMAXES



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL

# 72_010

CÓDIGO INVENTARIO

# ANTIGO CUARTEL DE ALUMNOS DA ESCOLA NAVAL

DENOMINACIÓN



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_4
FICHA

ARQUITECTÓNICO — MILITAR
TIPO — SUBTIPO

CUARTEL
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

DOTACIONAL MÚLTIPLE
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a unidade compositiva e a súa integración paisaxística.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239030NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 524096,00 — Y: 4693687,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Forma parte do conxunto de edificios da Escola Naval Militar, proxectado polo arquitecto Antonio Cominges Tapias en 1943. Levántase sobre a base dun antigo cuartel de mariñeiría preexistente. A súa estrutura responde a criterios funcionais militares, con organización en planta en forma de T, volumes compactos, cubertas de tella cerámica e composición clasicista. Destacan os acabados en pedra, o emprego de mármore de Carrara no comedor, (obsequio do réxime fascista italiano), e a escaleira interior, conservada tras a reforma de 2000 que adaptou os dormitorios a camaratas modernas. A súa posición central dentro do complexo naval confírelle relevancia simbólica, integrándose plenamente na ordenación xeral da Escola.

DESCRIPCIÓN

De volumetría compacta e planta en T, con cuberta tradicional a dúas augas, composición clasicista funcional e interiores adaptados para residencia de alumnos. Conserva elementos singulares como escaleira e acabados en mármore.

EDIFICACIÓN

Situada no núcleo central da Escola Naval. A parcela intégrase nunha plataforma artificial litoral con ordenación xerarquizada. O edificio estrutura o espazo residencial do conxunto en relación directa con zonas docentes.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

O inmoble destaca pola súa coherencia estilística, o valor ambiental e compositivo no conxunto naval e a súa significación histórica como parte do complexo militar.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA
DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_5
FICHA

ARQUITECTÓNICO — MILITAR
TIPO — SUBTIPO

CUARTEL
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

DOTACIONAL MÚLTIPLE
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a unidade compositiva e a súa integración paisaxística.

POSTA EN VALOR

72_011
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239060NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 523989,00 — Y: 4693660,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Forma parte do conxunto de edificios da Escola Naval Militar, proxectado polo arquitecto Antonio Cominges Tapias en 1943. Destinado a acoller á mariñeiría vinculada ás funcións de servizo e instrución, responde a unha concepción arquitectónica funcional e disciplinada, coherente co modelo de cidade académica planificada por Cominges. Presenta volumetría compacta, cubertas tradicionais a dúas augas e fachadas de composición simétrica, con ritmo regular de ocos e uso de cantería nos elementos estruturais e ornamentais. A súa posición estratéxica no eixo organizador reforza a súa función articuladora do conxunto residencial e formativo naval.

DESCRIPCIÓN

Inmoble de tres plantas e volumetría compacta, con cuberta a dúas augas de tella cerámica e fachadas de composición simétrica, con ritmo regular de ocos e uso de cantería nos elementos estruturais e ornamentais.

EDIFICACIÓN

Sitúase nunha plataforma litoral central do recinto académico, con accesos organizados e boa relación coas vías principais. A súa posición garante funcionalidade loxística e integración cos servizos xerais da Escola Naval.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

O edificio destaca pola súa coherencia estilística, o valor ambiental e compositivo no conxunto naval e a súa significación histórica como parte do complexo militar.

VALORES

# CUARTEL DE MARIÑEIRÍA DA ESCOLA NAVAL
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES






XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

EN_6
FICHA

ARQUITECTÓNICO — MILITAR
TIPO — SUBTIPO

HOSPITAL
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ SANITARIO-ASISTENCIAL
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a unidade compositiva e a súa integración paisaxística.

POSTA EN VALOR

# 72_012
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

MARÍN
UNIDADE DE PAISAXE

MARÍN (SANTA MARÍA DO PORTO)
PARROQUIA

MARÍN
NÚCLEO / LUGAR

4239085NG2943N
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 523951,00 — Y: 4693594,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Forma parte do conxunto de edificios da Escola Naval Militar, proxectado polo arquitecto Antonio Cominges Tapias en 1943. Edificio historicista con matices rexionalistas e mariñeiros. Presenta volumetría lonxitudinal, cubertas de tella cerámica e fachadas simétricas articuladas por cruxías. O corpo central, de maior altura, incorpora balcón e frontón, enfatizando o acceso e a orde axial. A organización interior deriva da anterior función sanitaria, con corredores perimetrais e estancias moduladas, hoxe adaptadas a uso residencial para suboficiais.

DESCRIPCIÓN

Edificio historicista de clasicismo institucional con matices rexionalistas. Volumetría lonxitudinal con corpo central sobresaínte, dúas plantas e baixo cuberta. Fachadas simétricas, zócolo e molduras en cantería, ocos ritmados.

EDIFICACIÓN

Parcela interior do recinto da Escola Naval, situada sobre plataforma litoral. Implantación en cota elevada. Relación próxima con áreas docentes e residenciais do conxunto.

PARCELA

Entorno urbano e costeiro, caracterizado pola presenza do porto deportivo, vías principais como a Avenida de Ourense e edificación residencial plurifamiliar, configurando unha fachada marítima representativa na Ría de Pontevedra.

ENTORNO

O edificio destaca pola súa coherencia estilística, o valor ambiental e compositivo no conxunto naval e a súa significación histórica como parte do complexo militar.

VALORES

# HOSPITAL MILITAR DA ESCOLA NAVAL
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





# XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

F7
FICHA

ETNOLÓXICO — FONTES
TIPO — SUBTIPO

FONTE
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

SERVIZOS URBANOS
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor o aliviadoiro protexido, a funcionalidade hidráulica e a lectura etnolóxica do conxunto, priorizando actuacións de conservación, restauración puntual e mantemento.

POSTA EN VALOR

72_013
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE MOGOR
UNIDADE DE PAISAXE

MOGOR (SAN XURXO)
PARROQUIA

PORTOCELO / BARRIADA, A
NÚCLEO / LUGAR

36026A00209009
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 523481,00 — Y: 4693101,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Fonte pública destinada orixinariamente ao abastecemento de auga potable e actualmente empregada como elemento urbano funcional e simbólico. Construción realizada en aceiro inoxidable mediante pezas prefabricadas ensambladas, composta por tres pichos vertedores asociados a un aliviadoiro de grandes dimensións, de planta rectangular cun lateral curvo. A configuración espacial responde a unha disposición lineal adosada ao espazo viario, integrada na antiga estrada nacional transformada en rúa urbana. Cronoloxicamente vincúlase ás actuacións de urbanización contemporáneas do século XX. Presenta estado de conservación deficiente, con depósitos superficiais, desgaste por uso continuado e alteracións derivadas da exposición mariña. Impacto salino leve

DESCRIPCIÓN

Elemento exento de pequena escala, volumetría lineal e unha soa altura funcional. Paramento metálico visto con acabado inoxidable e cromatismo neutro. Estrutura autoportante metálica ancorada ao pavimento.

EDIFICACIÓN

Parcela de configuración irregular adaptada á traza viaria costeira, delimitada por espazo público e dominio marítimo-terrestre. Uso público vinculado á fonte, establecendo relación directa vinculadas.

PARCELA

Entorno urbano consolidado, con rúa de tráfico local e boa accesibilidade peonil, aínda que con presenza puntual de elementos deturpadores. Conxunto arquitectónico heteroxéneo sen perda de lectura mariña.

ENTORNO

Referente etnolóxico vinculado á memoria colectiva do abastecemento público de auga, representando a adaptación contemporánea dunha tipoloxía tradicional e reforzando a identidade local do litoral marinense.

VALORES

# FONTE DA PRAIA DE PORTOCELO

DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA
DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

Y45
FICHA

ZONA ARQUEOLÓXICA — ZONA ARQUEOLÓXICA
TIPO — SUBTIPO

ACHADO
ELEMENTO

GRAO III
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

72_014
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE MOGOR
UNIDADE DE PAISAXE

MOGOR (SAN XURXO)
PARROQUIA

PRAIA DE PORTOCELO / BARRIADA, A
NÚCLEO / LUGAR

36026A00209009
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 523474,69 — Y: 4693088,16
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Posible vila romana costeira situada na praia de Portocelo, asociada a función residencial e produtiva vinculada á explotación litoral. O uso actual corresponde a espazo público lúdico sen estruturas visibles. Documentáronse materiais cerámicos, ánforas, tégulas e elementos latericios procedentes de prospeccións arqueolóxicas. A configuración orixinal inferida responde a un asentamento organizado en terrazas costeiras con relación a posible embarcadoiro. Adscrición cronolóxica romana altoimperial segundo materiais recuperados. O emprazamento foi gravemente alterado polas obras viarias e instalacións dos anos cincuenta, destruíndo a maior parte das estruturas. Actualmente obsérvase substrato areoso sen restos en alzado visibles.

DESCRIPCIÓN

Non se conservan edificacións históricas en alzado asociadas ao xacemento.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira de configuración irregular adaptada á liña de praia, sen delimitación permanente. O uso actual é lúdico e de tránsito, con relación directa coa zona areosa.

PARCELA

Entorno litoral de carácter periurbano con accesibilidade rodada, presenza de infraestruturas contemporáneas que alteran parcialmente a lectura histórica. O conxunto mantén continuidade paisaxística co ría e masas arbóreas.

ENTORNO

Valor histórico e científico como testemuño da ocupación romana litoral na ría, asociado á explotación marítima e dinámicas comerciais antigas, con relevancia identitaria no contexto territorial.

VALORES

# PRAIA DE PORTOCELO
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

72_015

CÓDIGO INVENTARIO

# PETRÓGLIFO PEDRA DOS MOUROS / LAXE DA EIRA DOS

DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO

CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO

CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

PLANEAMENTO

Y42

FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO

TIPO — SUBTIPO

PETRÓGLIFO

ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2

NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO

GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL

GLOBAL

RESIDENCIAL COLECTIVA

DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA

PROVINCIA

RÍAS BAIXAS

COMARCA COSTEIRA

MARÍN

CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA

SECTOR COSTEIRO

COSTA DE MOGOR

UNIDADE DE PAISAXE

MOGOR (SAN XURXO)

PARROQUIA

BARRIADA, A

NÚCLEO / LUGAR

36026A00200134

REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME

ZONA

X: 523130,00 — Y: 4692806,00

COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Petróglifo prehistórico GA36026027 gravado sobre laxa granítica natural, adscrito á Idade do Bronce e actualmente soterrado baixo recheos asociados á urbanización do miradoiro de Mogor. A función orixinal correspondería a un soporte simbólico-ritual ao aire libre, mentres que na actualidade permanece sen uso funcional directo. Executado mediante técnica de picado e abrasión superficial, presenta repertorio figurativo baseado en círculos concéntricos e posible motivo escutiforme. A peza sitúase nun outeiro costeiro con dominio visual da ría, integrada nun contexto de arte rupestre atlántica. A laxa, de grandes dimensións e inclinación cara ao sur, foi reutilizada historicamente como superficie de moenda. O estado de conservación é descoñecido por estar soterrado.

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira de xeometría irregular adaptada á topografía do outeiro, integrada en solo urbano, residencial. Delimítase por espazos públicos axardinados e vías locais, mantendo relación directa co miradoiro e coa área litoral.

PARCELA

Entorno urbano, residencial consolidado, con, presenza de viarios locais e espazos públicos axardinados que condicionan a percepción do xacemento. O conxunto arquitectónico presenta carácter heteroxéneo, integrado nunha paisaxe.

ENTORNO

Testemuño relevante da arte rupestre atlántica da Idade do Bronce nas Rías Baixas, reflectindo prácticas simbólicas comunitarias e a relación histórica entre territorio memoria colectiva e identidade local.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

72_016
CÓDIGO INVENTARIO

# FONTE DA PRAIA DE MOGOR
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

F6
FICHA

ETNOLÓXICO — FONTES
TIPO — SUBTIPO

FONTE
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

SERVIZOS URBANOS
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Debe priorizarse a conservación da fábrica pétrea orixinal, a limpeza controlada de colonización biolóxica e a recuperación do sistema hidráulico, promovendo actuacións de mantemento, conservación e restauración recomendada.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE MOGOR
UNIDADE DE PAISAXE

MOGOR (SAN XURXO)
PARROQUIA

PRAIA DE MOGOR / BARRIADA, A
NÚCLEO / LUGAR

36026A03100897
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 523119,00 — Y: 4692635,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Fonte pública tradicional destinada orixinariamente ao abastecemento de auga potable para uso veciñal e actualmente empregada como elemento etnolóxico e punto de servizo público. Executase en cantería de granito, mediante pezas labradas con aparello regular, configurando unha pilastra prismática de base rectangular e remate semicircular, apoiada sobre pedestal co correspondente aliviadoiro integrado. A composición responde a tipoloxías populares de fontes costeiras vinculadas á rede histórica de camiños litorais, probablemente datables entre finais do século XIX e comezos do XX. Presenta integración directa co muro de contención e co acceso á praia mediante escalinata pétrea. Estado de conservación deficiente, con danos visibles.

DESCRIPCIÓN

Elemento exento de pequena escala, configurado por pilastra pétrea sobre pedestal.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira de xeometría irregular, destinada a tránsito peonil e acceso á praia. Delimitada por vial litoral e muro de contención, relación funcional coa fonte.

PARCELA

Entorno litoral urbano, con presenza de viario costeiro e áreas de uso recreativo, accesible peonilmente. O conxunto arquitectónico presenta carácter popular sen elementos discordantes notables, integrado paisaxisticamente na ría.

ENTORNO

A fonte constitúe testemuño material das prácticas tradicionais de abastecemento comunitario vinculadas ao uso histórico do litoral, representando valores etnolóxicos, sociais e identitarios asociados á memoria colectiva local.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

Y38
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

72_017
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE MOGOR
UNIDADE DE PAISAXE

MOGOR (SAN XURXO)
PARROQUIA

BARRIADA, A
NÚCLEO / LUGAR

36026A00200134
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 523144,36 Y: 4692660,93
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Petroglifo GA36026025 integrado no Complexo Rupestre de Mogor, constituído por gravados prehistóricos executados sobre afloramento granítico de gran medio-groso disposto nunha suave ladeira orientada cara á praia. A función orixinal interprétase como soporte simbólico-ritual e de comunicación gráfica durante a Idade do Bronce. Os motivos configúranse mediante círculos concéntricos con pedúnculo, trazados lineais e representación zoomorfa, obtidos por técnica de picado e abrasión superficial. A composición adapótase á morfoloxía natural da laxa, sen modificación volumétrica significativa. O contexto cronolóxico adscríbese á arte rupestre atlántica. Presenta alteracións por erosión, tránsito e intervencións antrópicas históricas. Vencellado a GA36026053 e GA36026052.

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela de configuración irregular adaptada á topografía litoral, integrada en ladeira descendente cara á praia. Uso actual cultural e recreativo delimitada por vexetación e sendeiros mantendo relación directa co soporte rupestre.

PARCELA

Entorno urbano residencial de baixa densidade con accesibilidade peonil mediante sendeiros e viario local con presenza de elementos recentes moi que alteran a percepción. O conxunto integra paisaxe costeira con arborado disperso.

ENTORNO

Valor arqueolóxico como manifestación da arte rupestre atlántica da Idade do Bronce, testemuño das prácticas simbólicas prehistóricas e referente identitario local integrado no sistema cultural costeiro.

VALORES

# PETRÓGLIFO FINCA DE CAZOLAS
DENOMINACIÓN



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN
Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

# 72_018
CÓDIGO INVENTARIO

# PETROGLIFO DE MOGOR 2
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMIENTO

Y39
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE MOGOR
UNIDADE DE PAISAXE

MOGOR (SAN XURXO)
PARROQUIA

PRAIA DE MOGOR
NÚCLEO / LUGAR

36026A00200134
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 523158,71 — Y: 4692639,96
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Petróglifo GA36026052, mostra de arte rupestre adscrita á Idade do Bronce, integrada no complexo rupestre de Mogor. A súa función orixinal relaciónase coa expresión simbólica e territorial mediante gravados sobre afloramento granítico de gran medio-groso, executados por técnica de percusión e abrasión directa. Preséntase sobre laxa inclinada situada nunha ladeira costeira, configurando unha superficie gravada con composición central labiríntica con cazoleta e pedúnculo, acompañada de círculos concéntricos secundarios. O conxunto insírese nun contexto arqueolóxico litoral de elevada densidade rupestre. O estado de conservación evidencia alteracións por erosión natural, acción antrópica histórica, actividade canteira e acondicionamentos contemporáneos. Vencellado a GA36026053 e GA36026025.

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela de configuración irregular adaptada á topografía dunha ladeira suave descendente cara á praia, integrada en solo urbano. Delimitada por espazos verdes e itinerarios peonís vinculados ao acceso ao conxunto rupestre.

PARCELA

Entorno costeiro periurbano. A presenza residencial e equipamentos recreativos introduce elementos deturpadores puntuais. O conxunto mantén continuidade paisaxística litoral con arborado disperso e vistas abertas.

ENTORNO

Alto valor arqueolóxico pola excepcional representación labiríntica da arte rupestre atlántica da Idade do Bronce, constituíndo referencia científica e identitaria do territorio litoral e elemento clave da memoria cultural local.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN
Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA
DE GALICIA

72_019
CÓDIGO INVENTARIO

# PETRÓGLIFO OS CAMPIÑOS
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

Y40
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
SUBTIPO

PETRÓGLIFO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE MOGOR
UNIDADE DE PAISAXE

MOGOR (SAN XURXO)
PARROQUIA

MONTE, O
NÚCLEO / LUGAR

3228501NG2932N
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 523171,00 Y: 4692617,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Petróglifo GA36026053 gravado sobre afloramento granítico natural situado en ladeira costeira descendente cara á praia de Mogor. A súa función orixinal interprétase como expresión simbólica e territorial da Idade do Bronce, mantendo actualmente uso cultural e divulgativo. Executado mediante técnica de abrasión e picado sobre granito de gran medio-groso, presenta motivo único labiríntico sen cazoleta central. A composición organízase nunha superficie achairada integrada no substrato xeolóxico, sen elementos construtivos asociados. Cronoloxicamente adscríbese á arte rupestre atlántica prehistórica. O estado actual evidencia alteracións por actividade antrópica, labores de cantería, acondicionamentos para visita pública e procesos erosivos naturais. Vencellado a GA36026052 e GA36026025.

DESCRICIÓN

Non existe edificación asociada.

EDIFICACIÓN

Parcela sobre ladeira de pendente suave orientada ao litoral, de xeometría irregular adaptada ao relevo granítico. O uso actual é cultural e recreativo, vinculando o xacemento co parque litoral e itinerarios peonís locais próximo.

PARCELA

Entorno urbano residencial e recreativo vinculado á praia de Mogor, con accesibilidade peonil mediante sendeiros acondicionados. O conxunto arquitectónico presenta baixa densidade e integración paisaxística con arborado litoral.

ENTORNO

O petróglifo constitúe un testemuño singular da arte rupestre atlánticada Idade do Bronce, representativo da ocupación simbólica do territorio litoral. Posúe valor histórico científico e identitario no complexo rupestre de Mogor.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

# 72_020
CÓDIGO INVENTARIO

# PRAIA DE AGUETE
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

YA6
FICHA

ZONA ARQUEOLÓXICA — ZONA ARQUEOLÓXICA
TIPO — SUBTIPO

ACHADO
ELEMENTO

GRAO III
NIVEL DE PROTECCIÓN

SIN DATO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

ESPAZOS LIBRE E ZONA VERDE
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

AGUETE
UNIDADE DE PAISAXE

SEIXO (NOSA SEÑORA DO CARME)
PARROQUIA

AGUETE
NÚCLEO / LUGAR

36026A03109019
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 521872,00 — Y: 4691308,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico AC36026006 corresponde a un ámbito litoral con evidencias materiais dispersas asociadas a ocupacións prehistóricas e romanas. A función orixinal relaciónase coa explotación e tránsito costeiro, mentres que na actualidade presenta uso recreativo e paisaxístico. Os materiais identificados inclúen industria lítica en sílex e cuarcita, así como fragmentos cerámicos e tégulas, recuperados sen contexto estratigráfico definido. O espazo configúrase como areal aberto con transición a zona forestal posterior. Cronoloxicamente adscríbese ao Paleolítico e época romana. O estado de conservación é indeterminado, con dispersión de materiais e posible alteración por dinámica mariña e acción antrópica. Visibilidade superficial irregular condicionada procesos sedimentarios.

DESCRIPCIÓN

Non se documenta edificación asociada ao xacemento.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira de configuración lineal asociada ao areal, sen delimitación física continua. Presenta uso público recreativo e relación co sistema litoral, conectando funcionalmente co espazo arqueolóxico e acceso viario próximo.

PARCELA

Entorno litoral aberto, con accesibilidade viaria e presión estacional polo uso turístico. O conxunto presenta continuidade paisaxística, presenza forestal posterior e integración visual co medio costeiro local.

ENTORNO

O xacemento posúe valor histórico e científico pola presenza de materiais paleolíticos e romanos que evidencian ocupación humana no litoral. Constitúe referencia territorial e cultural vinculada á evolución histórica da ría local.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



72_021
CÓDIGO INVENTARIO

# ESCUDO DO PAZO DE AGUETE
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

ES4
FICHA

ARTÍSTICO — ESCULTÓRICO
TIPO — SUBTIPO

ESCUDO
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

RESIDENCIAL UNIFAMILIAR
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a composición heráldica, a inscrición datada, a relación co pazo e a lectura histórica do conxunto, priorizando actuacións de conservación, limpeza controlada, consolidación puntual e restauración.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

AGUETE
UNIDADE DE PAISAXE

SEIXO (NOSA SEÑORA DO CARME)
PARROQUIA

AVENIDA GAGO DE MENDOZA / AGUETE
NÚCLEO / LUGAR

1816704NG2911N
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 521703,66 — Y: 4691421,17
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Elemento heráldico pétreo integrado na fachada principal do Pazo de Aguete, concibido como signo de representación nobiliaria e identificación familiar, mantendo na actualidade función ornamental e documental. Executado en granito labrado mediante talla directa e relevo escultórico de alta precisión, presenta composición simétrica con escudo central cuartelado, timbrado por coroa marquesal e acompañado de cruz santiaguesa e atributos exteriores. Inscrición datada en 1801 vinculada á promoción de Xan Antonio Gago de Mendoza. A disposición vertical artículase no frontón da edificación, reforzando a lectura compositiva do alzado histórico. O estado de conservación é aceptable, observándose alteracións superficiais, colonización biolóxica puntual e escorrentías asociadas á exposición mariña.

DESCRIPCIÓN

Edificación alongada de dúas plantas e proporción horizontal. Fachada de cantaría granítica vista con carpinterías verdes. Estrutura de muros de carga. Cuberta a dúas augas con tella cerámica. Frontón heráldico.

EDIFICACIÓN

Parcela de configuración irregular adaptada á traza viaria da Avenida, con fronte directa á vía pública. Uso residencial privado vinculado ao pazo. Delimitación mediante peches pétreos e continuidade funcional coa edificación.

PARCELA

Entorno urbano consolidado de carácter residencial, con boa accesibilidade viaria e presenza puntual de elementos contemporáneos que alteran a lectura histórica. Conxunto arquitectónico representativo do núcleo costeiro.

ENTORNO

Testemuño material da representación social da fidalguía local e da historia familiar dos Gago de Mendoza, expresando vínculos nobiliarios, memoria territorial e identidade cultural.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

# CLUB NAÚTICO DE AGUETE

DENOMINACIÓN

72_022

CÓDIGO INVENTARIO

### CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

E62
FICHA

ARQUITECTÓNICO — CIVIL
TIPO — SUBTIPO

CLUBE NÁUTICO
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ DEPORTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre preservar a volumetría orixinal, así como o carácter mariñeiro do conxunto.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

AGUETE
UNIDADE DE PAISAXE

SEIXO (NOSA SEÑORA DO CARME)
PARROQUIA

NÚCLEO RURAL DE AGUETE / AGUETE
NÚCLEO / LUGAR

1816801NG2911N
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 521691,00 — Y: 4691463,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Edificación exenta de tres plantas construída en 1974, situada fronte á Ría de Pontevedra, no núcleo rural de Aguete. A volumetría destaca pola súa configuración formal, que reproduce de xeito case literal a ponte dun barco. O corpo principal presenta terrazas curvas en voadizo, varandas metálicas e ocos horizontais. As fachadas presentan principalmente aplacado de pedra. No remate superior sitúase unha ampla terraza perimetral.

DESCRICIÓN

Edificio de tres plantas, estrutura de formigón armado e envolvente mixta de pedra e revoco. A súa forma remite ao ponte dun barco, con terrazas curvas e varandas metálicas, definindo unha imaxe mariñeira singular e identificable.

EDIFICACIÓN

Sitúase fronte ao porto deportivo, de topografía practicamente horizontal e acceso directo desde a vía pública. Conta con espazo perimetral pavimentado para usos auxiliares náuticos e relación directa coa lámina de auga.

PARCELA

Localízase no núcleo costeiro de Aguete, na Ría de Pontevedra. O entorno combina edificación residencial e dotacional, cunha forte vinculación marítima e vistas abertas á ría que caracterizan a súa implantación.

ENTORNO

Destaca pola singularidade formal inspirada na arquitectura naval. Constitúe un exemplo representativo da arquitectura recreativa marítima dos anos setenta.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

M6
FICHA

ETNOLÓXICO — MUIÑOS DE RÍO
TIPO — SUBTIPO

MUÍÑO
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a volumetría orixinal, o uso de materiais tradicionas, e a súa relación co entorno paisaxístico inmediato. Favorecerase a súa conservación e posible recuperación.

POSTA EN VALOR

72_023
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

LOIRA
UNIDADE DE PAISAXE

SEIXO (NOSA SEÑORA DO CARME)
PARROQUIA

FRONTE Á PRAIA DE LOIRA / LOIRA
NÚCLEO / LUGAR

36026A03400871
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 521433,00 — Y: 4690659,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Muíño hidráulico de planta rectangular, muros executados con perpiaño de granito de gran formato, colocados en seco. Estes apoian directamente sobre o leito do río, permitindo o paso da auga a un lado do mesmo. Cuberta a dúas augas resolta con placas de fibrocemento.

DESCRIPCIÓN

De planta rectangular e volume único, muros de cachotaría de granito colocados en seco. Cuberta a dúas augas de fibrocemento. Conserva estrutura básica mais presenta deterioro xeral e perda de elementos orixinais.

EDIFICACIÓN

Localízase xunto á desembocadura do río Loira, nunha zona verde axardinada integrada no núcleo rural. O predio é reducido e irregular, formando parte dun conxunto tradicional con lavadoiro e outras edificacións.

PARCELA

Está composto por vivendas unifamiliares tradicionais e recentes, vías locais pavimentadas e elementos etnolóxico asociados. A proximidade á praia de Loira e ao río confírelle un elevado valor ambiental e paisaxístico.

ENTORNO

O muíño destaca pola súa implantación sobre o río, a integración paisaxística e a representatividade tipolóxica da arquitectura produtiva tradicional costeira.

VALORES

# MUÍÑO DA PRAIA DE LOIRA
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



# 72_024
CÓDIGO INVENTARIO

# LAVADOIRO DO LOIRA
DENOMINACIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

LOIRA
UNIDADE DE PAISAXE

SEIXO (NOSA SEÑORA DO CARME)
PARROQUIA

LOIRA
NÚCLEO / LUGAR

36026A03409020
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 521470,00 Y: 4690657,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



IMAXES





## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

L28
FICHA

ETNOLÓXICO LAVADOIROS
TIPO SUBTIPO

LAVADOIRO
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

MOI DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

SERVIZOS URBANOS
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Deben poñerse en valor a canle hidráulica, a estrutura pétrea portante, a cuberta e a relación co curso fluvial. Recoméndanse actuacións de conservación, consolidación e restauración.

POSTA EN VALOR

## INVENTARIO

Lavadoiro tradicional asociado ao aproveitamento hidráulico do río, destinado orixinariamente ao lavado colectivo de roupa e actualmente conservado como elemento patrimonial e espazo público. Executado en fábrica de perpiaño granítico con canle hidráulica rectangular e cuberta inclinada de tella cerámica curva sobre estrutura de madeira vista apoiada en piares prismáticos de pedra. Presenta configuración lonxitudinal aberta lateralmente, con peitorís baixos e circulación perimetral. A súa construción sitúase no contexto rural costeiro entre finais do século XIX e comezos do XX. O estado de conservación é moi deficiente, observándose colonización biolóxica, erosión superficial, humidades persistentes e alteracións puntuais nos elementos estruturais.

DESCRIPCIÓN

Edificación lineal dunha planta e proporción alongada. Fachadas abertas con peitorís graníticos e piares de pedra. Estrutura mixta pétrea e de madeira. Cuberta a dúas augas de tella curva. Elemento singular: canle hidráulica.

EDIFICACIÓN

Parcela irregular integrada en espazo público axardinado xunto ao río. Uso dotacional e etnolóxico. Delimitada por camiños peonís e zonas verdes, con relación funcional e visual directa co lavadoiro tradicional comunitario.

PARCELA

Entorno rural costeiro de imaxe tradicional e accesibilidade peonil. Predominan vivendas unifamiliares e zonas verdes, sen elementos deturpadores relevantes. O conxunto integra visualmente o río e o arborado próximo existente.

ENTORNO

Representativo da arquitectura popular vinculada ás prácticas comunitarias tradicionais, con valor histórico, social e identitario. Testemuña do uso colectivo da auga e da organización social rural histórica local.

VALORES

XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

E25
FICHA

INDUSTRIAL — CONSERVEIRA
TIPO — SUBTIPO

SALGADEIRA
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

RESIDENCIAL UNIFAMILIAR
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a volumetría orixinal e os elementos construtivos tradicionais. Seu valor como fábrica de salgadura construída por un indiano retornado galego, (a meirande parte delas eran promovidas por empresarios catalans).

POSTA EN VALOR

# 72_025

CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

LOIRA
UNIDADE DE PAISAXE

ARDÁN (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

LOIRA
NÚCLEO / LUGAR

36026A05100974
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 521137,00 — Y: 4690654,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Conxunto de edificacións que responden a unha antiga fábrica de salgadura, na que posteriormente se construíu unha vivenda. Esta coñecíase como "Almacén Loira", e foi construída por Gonzalo Malvar Fontela, un indiano retornado, a finais do século XIX. A fábrica funcionou moi pouco tempo, até finais dos anos 10 do século XX. A vivenda presenta planta en "L", con dous andares. Cuberta a dúas augas de tella cerámica e fachadas revocadas con composición regular de ocos verticais. Destaca o corpo en esquina, resolto con galería corrida pétrea con carpintarías de madeira. A parcela está delimitada por muros de contención en perpiaño granítico e conta con elementos auxiliares, como ramplas e alpendres, que formaban parte das instalacións industriais orixinais.

DESCRIPCIÓN

Edificación en "L" , de dous andares, cuberta de tella e fachadas revocadas con ocos verticais. Destaca a galería pétrea con carpintaría de madeira. Estrutura ben definida mais presenta deterioros visibles e abandono parcial.

EDIFICACIÓN

Parcela costeira situada nun promontorio sobre a praia, delimitada por muros graníticos de contención. Inclúe construcións auxiliares e ramplas, mantendo a configuración da antiga fábrica de salgadura.

PARCELA

Composto pola franxa litoral e área urbana próxima, con praias, vexetación costeira e edificacións residenciais dispersas. A posición dominante ofrece amplas vistas sobre a ría, reforzando o seu valor ambiental e paisaxístico.

ENTORNO

O conxunto destaca pola súa implantación paisaxística excepcional, tipoloxía industrial costeira con valor etnolóxico e conservación da volumetría orixinal, sendo testemuña relevante da actividade salgadeira.

VALORES

# SALGADURA NA PUNTA DE LOIRA

DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



72_026
CÓDIGO INVENTARIO

# CAPELA DE SAN CLEMENTE
DENOMINACIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

LAPAMÁN
UNIDADE DE PAISAXE

ARDÁN (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

ILLA DE SANTO DO MAR / CASÁS
NÚCLEO / LUGAR

36026A05300001
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 520297,00 Y: 4688684,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

FICHA

ARQUITECTÓNICO RELIXIOSO
TIPO SUBTIPO

CAPELA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

MOI DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ SOCIAL-CULTURAL
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe priorizarse a consolidación estrutural dos muros, a súa recuperación volumétrica e a posta en valor paisaxística do conxunto. Cómpre preservar o carácter insular do lugar.

POSTA EN VALOR

## INVENTARIO

Pequena construción situada na Illa de San Clemente ou Illa do Santo do Mar. A súa fundación atribúese ao almirante Paio Gómez Charino, para conmemorar a conquista de Sevilla, o 23 de Novembro de 1248, festa de San Clemente, de aí a advocación da ermida. Aínda que a capela actual debe ser posterior, posiblemente do século XV. Unha cantiga do trobadosr Nuño Pérez, do século XIII, fala dela. Presenta planta rectangular e muros de cantería de pedra irregular asentados en seco. Conta con porta alintelada e dúas pequeñas xanelas saeteiras. Atópase en estado ruínoso, só se manteñen en pé os muros.

DESCRIPCIÓN

De planta rectangular con muros de cantería de pedra irregular asentados en seco. Porta alintelada na fachada principal e dúas xanelas saeteiras nas laterais. En ruínas, so se manteñen en pé os muros perimetrais.

EDIFICACIÓN

Illa fronte a Praia de Ardán, con acceso mediante corredor de terra formado en época de marea baixa.

PARCELA

O entorno forma parte do sistema litoral da Ría de Pontevedra. A súa situación insular confirelle un alto valor ambiental, destacando a relación visual directa coa costa de Ardán e co mar aberto.

ENTORNO

Constitúe un exemplo de pequena ermida costeira de fundación medieval, ligada á devoción mariñeira e á tradición popular, posuíndo un alto valor simbólico, histórico e paisaxístico no contexto litoral da Ría de Pontevedra.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



IMAXES



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



72_027
CÓDIGO INVENTARIO

# XACEMENTO MEDIEVAL DA ILLA DE SANTO DO MAR
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

Y46
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

XACEMENTO MEDIEVAL
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

SIN USO
GLOBAL

DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

LAPAMÁN
UNIDADE DE PAISAXE

ARDÁN (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

ILLA DE SANTO DO MAR / CASÁS
NÚCLEO / LUGAR

36026A05300001
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 520292,00 — Y: 4688683,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico medieval GA36026031 situado na Illa de Santo do Mar, configurado por capela de San Clemente e necrópole asociada, con función relixiosa e funeraria histórica. A edificación presenta fábrica de cachotaría granítica concertada, con elementos de sillería na cabeceira e arco de medio punto, empregando técnicas construtivas tradicionais. O conxunto organízase nun ámbito insular tipo tómbolo, cunha nave rectangular única e espazos funerarios escavados no substrato granítico. A adscrición cronolóxica medieval confírmase por materiais cerámicos, tellas e restos óseos documentados. O estado actual amosa abandono, vexetación invasiva e derrubes do noiro que deixan exposta parte da necrópole, xerando procesos erosivos activos. Vencellado a GA36026032.

DESCRIPCIÓN

Capela de planta rectangular dunha soa nave, volume compacto de pequena escalae superficie reducida. Muros de cachotaría granítica con remates de sillería, acceso adintelado e ausencia de revestimentos.

EDIFICACIÓN

Parcela insular correspondente a un tómbolo litoral, de xeometría irregular adaptada á morfoloxía costeira. Uso actual de baldío natural, sen delimitacións construtivas definidas, conectada funcionalmente coa capela e contorno.

PARCELA

Entorno costeiro de carácter rural, con acceso condicionado pola marea e presenza de elementos naturais dominantes. O conxunto mantén coherencia paisaxística. A vexetación espontánea xera impacto visual.

ENTORNO

Valor histórico pola súa vinculación co culto medieval de San Clemente e coa práctica funeraria asociada, constituíndo referencia identitaria local e testemuño material da ocupación relixiosa e social.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

Y47
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
SUBTIPO

ASENTAMENTO
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

SIN USO
GLOBAL

DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

72_028
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

LAPAMÁN
UNIDADE DE PAISAXE

ARDÁN (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

ILLA DE SANTO DO MAR / CASÁS
NÚCLEO / LUGAR

36026A05300001
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 520251,00 Y: 4688615,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Asentamento arqueolóxico GA36026032, situado nunha pequena elevación da Illa de Santo do Mar, configurada como tómbolo litoral na ría. A función orixinal corresponde a ocupación habitacional estacional adscrita á Idade do Ferro, mentres que carece de uso e conserva carácter patrimonial. Documentáronse restos de cachotería pétrea dispersa e materiais asociados, cerámica manual, tella e restos óseos procedentes de prospección superficial. A implantación adáptase á topografía costeira sen delimitacións visibles consolidadas. O contexto cronocultural sitúase entre o Bronce Final e o Ferro inicial. Presenta abandono, colonización vexetal e alteracións por axentes naturais e actividade de cantería. Non se conservan estruturas en alzado. Vencellado a GA36026031

DESCRIPCIÓN

Non existe edificación asociada conservada.

EDIFICACIÓN

A parcela corresponde á totalidade da illa configurada como tómbolo litoral, de xeometría irregular e delimitación natural polo intermareal, mantendo relación directa coa paisaxe costeira e co ámbito arqueolóxico circundante.

PARCELA

Accesibilidade condicionada pola marea e sen elementos deturpadores significativos. O conxunto arquitectónico próximo é rural costeiro, integrándose visualmente nunha paisaxe litoral con arborado baixo e dinámica mariña.

ENTORNO

Valores históricos e culturais vinculados á ocupación protohistórica litoral, constituíndo testemuño da explotación costeira. A súa relevancia deriva da relación co territorio mariño e coa evolución do poboamento da ría local.

VALORES

# ASENTAMENTO DE ILLA DE SANTO DO MAR
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO Escala: 1:2.000



XUNTA
DE GALICIA

# 72_029
CÓDIGO INVENTARIO

# MUÍÑO DE CASÁS
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMENTO

M33
FICHA

ETNOLÓXICO — MUIÑOS DE RÍO
TIPO — SUBTIPO

MUÍÑO
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional

AUTORIZABLES

Cómpre salientar o súa tipoloxía e o uso de mateirais tradicionais, ademais da súa implantación paisaxística.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

RÍAS BAIXAS
COMARCA COSTEIRA

MARÍN
CONCELLO

RÍA DE PONTEVEDRA
SECTOR COSTEIRO

LAPAMÁN
UNIDADE DE PAISAXE

ARDÁN (SANTA MARÍA)
PARROQUIA

CASÁS
NÚCLEO / LUGAR

36026A05101414
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 520534,00 — Y: 4688588,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Pequena edificación de planta cuadrangular xunto ao río Casás. Executada en cachotaría de granito, asentada directamente sobre o terreo natural en lixeira pendente. Presenta cuberta inclinada a unha auga resolta con tella cerámica curva. A fachada principal, orientada aproximadamente ao suroeste, dispón de porta de acceso de madeira vertical, sen ocos adicionais. Este muíño foi rehabilitado no ano 2010.

DESCRIPCIÓN

Construción de planta baixa cuadrangular, en granito con muros de de cachotaría que baixa até o río. As fachadas, remátanse con cumiera de pedra. Cuberta a unha auga con tella curva tradicional.

EDIFICACIÓN

Sitúase no núcleo rural de Casás. Predio de pequena superficie e topografía lixeiramente inclinada.

PARCELA

Entorno rural costeiro da Ría de Pontevedra, no acceso á praia da illa de Santo do Mar. Predomina o uso residencial unifamiliar e vías asfaltadas de acceso rodado.

ENTORNO

Valor ambiental e patrimonial, pola súa integración paisaxística e tipoloxía tradicional. Valor etnolóxico como testemuño da arquitectura hidráulica rural.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

# 72_031

CÓDIGO INVENTARIO

# PECIO DO PORTO DE MARÍN

DENOMINACIÓN

1:5.000

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

MARÍN
CONCELLO

PARROQUIA

NÚCLEO / LUGAR

REFERENCIA CATASTRAL

X: 524722,00 Y: 4694022,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## DATOS IDENTIFICATIVOS

DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE
ZONA

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
PLANEAMIENTO

GA04002202
FICHA

ARQUEOLÓXICO XACEMENTO SUBACUÁTICO
TIPO SUBTIPO

PECIO
ELEMENTO

GRAO I / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS



En ausencia de delimitación ou contorno, adoptaranse os definidos na ficha de planeamento

## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN



ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 1:2.000

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

## DELIMITACIÓN DO BEN

XUNTA DE GALICIA

72_032

CÓDIGO INVENTARIO

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## LOCALIZACIÓN

PONTEVEDRA
PROVINCIA

MARÍN
CONCELLO

SEIXO (NOSA SEÑORA DO CARME)
PARROQUIA

AGUETE
NÚCLEO / LUGAR

1816704NG2911N
REFERENCIA CATASTRAL

X: 521694,56 — Y: 4691418,38
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## DATOS IDENTIFICATIVOS

SERVIDUME
ZONA

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
PLANEAMIENTO

E21
FICHA

ARQUITECTÓNICO — CIVIL
TIPO — SUBTIPO

PAZO
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ÓPTIMO
GRADO DE CONSERVACIÓN

RESIDENCIAL

## USOS ORIXINAIS

# PAZO DE AGUETE

DENOMINACIÓN — 1:5.000




En ausencia de delimitación ou contorno, adoptaranse os definidos na ficha de planeamento

## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN



ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — 1:2.000

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

## ACTUACIÓNS